REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

# Presentación: *Reflexións e Recomendacións sobre COVID-19*

As circunstancias que estamos a vivir impiden a actividade normal da Academia, pero non evitan a nosa constante preocupación en relación á durísima pandemia que estamos a sufrir. Pareceunos oportuno neste sentido, abrir na nosa páxina web un espazo, no que os membros da nosa corporación achegasen reflexións técnicas e recomendacións sobre o tema, que poderían ser de interese tanto para o mundo científico, como para a sociedade en xeral á que nos debemos.

En consecuencia, empezaremos a publicar algunhas colaboracións contempladas desde as distintas perspectivas do mundo sanitario en xeral e farmacéutico en particular. Compre suliñar, que as devanditas achegas recollerán os criterios persoais dos autores dos traballos e que non representan necesariamente a posición da Academia.

Estou certo, en calquera caso, do grande interese que terán estas colaboracións, tendo en conta o alto coñecemento e a gran experiencia na materia dalgúns membros da nosa corporación.

Manuel Puga Pereira

Presidente